

Lugo, marzo de 2011. ADEGA-Lugo organiza o próximo roteiro da lingua que terá lugar o **do mingo 27 de marzo**
, por terras de Mondoñedo, antiga capital do Reino de Galiza, e a carón da Serra da Corda. O obxectivo é recoñecer e potenciar a lingua propia coa lembranza e evocación de destacados persoeiros da cultura galega que foron nados neste Val de Brea:
Noriega Valera, Leiras Pulpeiro, Álvaro Cunquiero, Carlos Reigosa, Pascual Veiga
, etc.



Seguindo o **Camiño Norte ao abeiro da Serra da Corda** desde a feira de Gontán, deixarémonos conducir polos poetas da paisaxe deica o antigo Val de Brea no que se asenta a cidade mindoniense capital do Antigo Reino de Galiza. Iremos descubrindo, ao longo dun percorrido de gran valor cultural, os grandes fitos dunha das maiores escolas literarias galegas.
Pasando o San **Cosme de Galgao**,
avistaremos o
Cristo do Fiouco
e accederemos á
Alameda dos Remedios

polo Campo das San Lucas, visitando o
Bosque de Silva
e as casas natais dos grandes poetas e músicos mindonienses, a
Fonte Vella, a Praza da Catedral e o barrio xudeu,
o claustro do Seminario,
o conxunto etnográfico dos
Muíños
e o vía crucis do
mosteiro dos Picos
.



Remataremos esta xornada primaveral no parque do Cemiterio Vello cunha **homenaxe a Cunqueiro no ano no que se conmemora o centenario do seu nacemento**
e aos outros literatos e músicos mindonienses que alí fican sepultados. Se fose posible, prolongariamos o roteiro facendo un treito da Rota da Auga deica A Fervenza.

O roteiro ten unha **lonxitude de 12 km** e pode considerarse de **dificultade media-baixa.**

DOMINGO, 27 de MARZO de 2011

Xeral..... 15 € Estudantes, xubilad@s e no paro..... .....12 €

Soci@s..... 10 €

Ata 17 anos..... .. 5 €

Sairemos de diante da Escola de Maxisterio ás 9 horas polo horario novo (o sábado 26 ten lugar o cambio de hora para o horario de verán (adiántase 1 hora). Prégase puntualidade.

Imprescindible anotarse chamando ao **679113718** ou ao **982240299** Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s.

PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO

17 Abril: Modelo Burela	Burela
29 Maio: “Feros corvos do Xallas…”	Costa da Morte
26 Xuño: “Vendo-os assim tão pertinho…”	Valença-Monçao